

QUÍMICA 2º DE BACHARELATO 09-10 (proba de selectividade)

INSTRUCCIÓN PARA AO DESENVOLVEMENTO DA PROBA

Para o desenvolvemento do exame de Química permitirase o uso de calculadora científica (non programable, sen pantalla gráfica e sen capacidade para almacenar, transmitir ou recibir datos). Ademais xunto do exame proporcionarase táboa periódica, onde aparecen os símbolos, número atómico e masa atómica dos elementos. Para a formulación e nomenclatura dos compostos seguiranse os mesmos criterios de anos anteriores, é dicir, non hai modificación ningunha.

CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN DO EXAME DE QUÍMICA

- *As respostas deben axustarse ao enunciado da pregunta.*
- *Terase en conta a claridade da exposición dos conceptos, procesos, os pasos seguidos, as hipóteses, a orde lóxica e a utilización adecuada da linguaxe química.*
- *Os erros graves de concepto levarán a anular o apartado correspondente.*
- *Os parágrafos/apartados que esixen a solución dun apartado anterior cualificaranse independentemente do resultado do devandito apartado.*
- *Cando a resposta deba ser razoada ou xustificada, non facelo supoñerá unha puntuación de cero no apartado correspondente. Un resultado erróneo pero cun razoamento correcto valorarase.*
- *Unha formulación incorrecta ou a igualación incorrecta dunha ecuación química puntuará como máximo o 25% da nota do apartado.*
- *Nun problema numérico a resposta correcta, sen razoamento ou xustificación, pode ser valorada cun 0 se o corrector/a non é capaz de ver de onde saíu o devandito resultado.*
- *Os erros nas unidades ou non poñelas descontará un 25% da nota do apartado.*
- *Un erro no cálculo considerarase leve e descontarase o 25% da nota do apartado, agás que os resultados carezan de lóxica e o alumnado non faga unha discusión acerca da falsidade do devandito resultado*